




**Autoridade
de Xestión
PDR Galicia**




**FEADER
PLAN GALEGO DE CONTROIS**



ÍNDICE


1	LIMIAR	3
2	OBXECTIVOS	4
3	NORMATIVA COMUNITARIA BÁSICA	5
4	ESTRATEGIAS DE CONTROL	6
41	DISPOSICIÓNS XERAIS	7
411	PLANIFICACIÓN POR MEDIDAS	8
412	PRINCIPIOS BÁSICOS DE CONTROL	9
413	INFORME DE CONFORMIDADE	10
414	REXISTRO DE BENEFICIARIOS	11
42	MEDIDAS SIXC	12
421	CATÁLOGO DE MEDIDAS	13
422	SOLICITUDES	14
423	PLAN DE CONTROIS	15
4231	CONTROIS ADMINISTRATIVOS	16
4232	CONTROIS SOBRE O TERREO ADMISIBILIDADE	17
4233	CONTROIS SOBRE O TERREO CONDICIONALIDADE	19
424	REDUCIÓNS E EXCLUSIÓNS	20
43	MEDIDAS NON SIXC	22
431	CATÁLOGO DE MEDIDAS	23
432	SOLICITUDES E PROGRAMAS	25
433	PLAN DE CONTROIS	26
4331	CONTROIS ADMINISTRATIVOS	27
4332	CONTROIS SOBRE O TERREO	29
4333	CONTROIS A POSTERIORI	33
434	REDUCIÓNS E EXCLUSIÓNS	35
44	LEADER	36
441	CATÁLOGO DE MEDIDAS	37
442	SOLICITUDES	38
443	PLAN DE CONTROIS	39
442	REDUCIÓNS E EXCLUSIÓNS	40
443	CONTROIS GRUPOS DESENVOLVEMENTO RURAL	41
5	CONTROIS DE CALIDADE	43



1 LIMIAR


A xestión das medidas de desenvolvemento rural descansa na actividade coordinada de organismo pagador e autoridade de xestión. O PDR de Galicia, de acordo coas disposicións do artigo 74.3 do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, informa da condición do FOGGA como organismo pagador e designa á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural como autoridade de xestión, definindo as funcións que lle corresponden a cada quen.

Abondando no PDR de Galicia, emíttese o Plan Galego de Controis FEADER, entendido como a guía de xestión e control a respectar polos xestores das distintas medidas de desenvolvemento rural. O Plan Galego elabórase de conformidade co Plan Estatal redactado polo FEGA na súa condición de organismo de coordinación dos organismos pagadores españois e apróbase conxuntamente polo Director do FOGGA e polo Director Xeral de Desenvolvemento Rural.



2 **OBXECTIVOS**

O Plan Galego de Controis FEADER establece principios básicos e disposicións particulares en materia de planificación e execución dos controis nas medidas de desenvolvemento rural incluídas no PDR de Galicia.



3 **NORMATIVA COMUNITARIA BÁSICA**

[Regulamento \(CE\) 1290/2005 do Consello](#), do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agraria común.

[Regulamento \(CE\) 885/2006 da Comisión](#), do 21 de xuño de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1290/2005 no que se refire a autorización dos organismos pagadores e outros órganos e á liquidación de contas FEAGA e FEADER.


[Regulamento \(CE\) 1698/2005 do Consello](#), do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do FEADER.

[Regulamento \(CE\) 1974/2006 da Comisión](#), do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005.

[Regulamento \(CE\) 1975/2006 da Comisión](#), do 7 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 no que respecta á aplicación dos procedementos de control e condicionalidade en relación coas medidas de desenvolvemento rural.

[Regulamento \(CE\) 1782/2003 do Consello](#), do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agraria común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores.

[Regulamento \(CE\) 796/2004 da Comisión](#), do 21 de abril de 2004, polo que se establecen disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (CE) 1782/2003



4 ESTRATEXIAS DE CONTROL

O [Regulamento \(CE\) 1975/2006 da Comisión](#) establece tres rutas básicas de control: medidas asimiladas ao sistema integrado de xestión e control (MEDIDAS SIXC); medidas non asimiladas (MEDIDAS NON SIXC); e medidas LEADER.

As medidas non SIXC poden financiar investimentos ou servizos, obtendo os fondos de distintos capítulos (VI/VII) do orzamento de gastos. No actual modelo de prefinanciamento FEADER, as medidas financiadas co capítulo VI tramítanse con anticipos previos do Tesouro da Xunta e o resto de medidas directamente con anticipos FEAGA. En tódolos casos, os pagos só adquiren o carácter de comunitarios cando son realizados polo FOGGA.

Por tanto, con carácter xeral formulamos tres rutas de control e catro estratexias a considerar:

MEDIDAS SIXC

MEDIDAS NON SIXC

INVESTIMENTO

PROMOCIÓN

MEDIDAS LEADER



41 **DISPOSICIÓNS XERAIS**

As disposicións definidas nos epígrafes 411/412/413/414 son de aplicación xeral na xestión das medidas de desenvolvemento rural incluídas no PDR de Galicia.



411 PLANIFICACIÓN POR MEDIDAS

O Plan Galego de Controis FEADER complétase coa definición de plans específicos por medidas ou grupos de medidas, de acordo coas normas particulares establecidas nos epígrafes 423/433/443. A vixencia dos plans coincidirá coa do PDR e só se modificarán de cambiaren as condicións de control. A inclusión de varias medidas nun mesmo plan de control será posible no caso de estaren relacionadas pola súa natureza ou características de xestión. Non obstante, non será posible incorporar nun mesmo plan medidas adscritas a distintas rutas de control, segundo a clasificación establecida no epígrafe 4. Tódalas actuacións amparadas por unha medida formarán parte do mesmo plan de control, aínda que a súa xestión corresponda a diferentes unidades administrativas.


Os plans respectarán os seguintes contidos mínimos:

- **Ámbito de aplicación:** catálogo de medidas.
- **Organigrama:** asignación das responsabilidades de control.
- **Cronograma:** distribución temporal das actuacións de control.
- **Controis administrativos:** aplicación sobre á totalidade de solicitudes. Descrición en detalle das comprobacións a efectuar e do procedemento de verificación e supervisión. Deseño das listas de control.
- **Controis sobre o terreo:** tamaño da mostra e criterios de selección. Requisitos a controlar e instrucións de control. Notificacións dos controis. Actas e informes de control.
- **Controis a posteriori:** tamaño da mostra e criterios de selección. Requisitos a controlar. Instrucións de control. Notificacións de control. Actas e informes de control.

O plan concrétase en actuacións anuais, das que se informa en memorias de aplicación, co seguinte contido:

- **Modificacións ao plan de controis.**
- **Ficheiro da poboación de control.**
- **Mostra seleccionada para control sobre o terreo.**
- **Datas e unidades responsables da execución dos controis.**
- **Resultados dos controis no formato requirido polo FEGA.**
- **Informe de síntese con indicacións respecto do posible carácter sistémico dos problemas detectados, por se puidesen representar un risco para outras operacións semellantes, outros beneficiarios ou outros organismos.**

Os plans de control e as correspondentes memorias de aplicación remitiranse en formato dixital á Secretaría do FOGGA antes do 30 de xaneiro de cada ano, cursando copia ao Servizo de Coordinación e Seguimento do PDR da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.



412 PRINCIPIOS BÁSICOS DE CONTROL


As tarefas de control administrativo, control sobre o terreo e control a posteriori son incompatibles entre si, aplicándose este principio a nivel de persoa e non de unidade administrativa.

Tódalas funcións de control estarán definidas en procedementos detallados, incluída a descrición dos documentos de control a empregar. Neste senso, cada controlador responsable disporá dunha lista exhaustiva das verificacións que deba efectuar no seu ámbito de control. As listas de control poderán ser informatizadas. No caso dos controis sobre o terreo ou a posteriori, os responsables designados contarán con instrucións precisas, medios axeitados e actas de control estandarizadas. Ademais, no momento do control, os inspectores serán coñecedores da razón da selección do expediente na mostra de control. Os controis serán inopinados ou notificados cunha antelación máxima de 48 horas. Tanto as listas como as actas de control evidencian o traballo realizado, polo que resulta esencial o seu emprego e sinatura polo controlador competente.

Compre achegar probas de que o traballo de cada controlador está supervisado por outro de rango superior. Neste senso abundará con que o supervisor revise unha porcentaxe dos expedientes xa controlados non inferior ao 1 % e asine a lista ou acta de control correspondente. No caso de se detectaren discrepancias esta porcentaxe de supervisión deberá ser aumentada. O pago dunha solicitude só se autorizará logo de ter realizado un número de controis de abondo para verificar a súa conformidade coa normativa comunitaria aplicable e cos criterios aprobados no PDR.


Cando unha unidade xestora decida externalizar as tarefas de control, deberá formalizar por escrito a relación coas entidades implicadas, establecendo cláusulas precisas para definir as condicións de control e supervisión. Nestes casos compre contar coa autorización expresa da Autoridade de Xestión.

Tódolos documentos de control e xustificación dos pagos realizados serán convenientemente custodiados. En todo caso compre manter intacta a pista de auditoría do proceso, polo que independentemente da localización dos arquivos, deberá manterse a referencia do número de expediente como guía inequívoca de seguimento.



413 INFORME DE CONFORMIDADE

As unidades xestoras, previamente ao inicio da tramitación, remitirán ao Servizo de Coordinación e Seguimento do PDR o borrador da Orde de Convocatoria ou o programa de actuacións previstas, -no caso das medidas financiadas con capítulo VI do orzamento de gastos que non precisen orde de convocatoria-, xunto co manual de procedemento elaborado. Tralo estudo e análise da documentación presentada, nun prazo máximo de 5 días hábiles, a Autoridade de Xestión emitirá un informe respecto da conformidade das medidas programadas coa normativa de aplicación e cos criterios do PDR, así como da posible incompatibilidade coñecida con outras axudas estatais ou actuacións FEDER/FSE.




414 REXISTRO DE BENEFICIARIOS

Os perceptores de axudas FEADER deberán estar integrados no Rexistro de Beneficiarios do FOGGA cos seguintes datos: nome ou razón social, NIF/CIF e medidas das que resulta beneficiado. A actualización da base de datos de beneficiarios será automática, a través das aplicacións informáticas do sistema integrado, na medida de cese anticipado (113), indemnizacións compensatorias (211/212) e agroambientais (214). No resto de medidas financiadas co capítulo VII, trala elaboración dos documentos que acaden a fase D, as unidades xestoras remitirán á Secretaría do FOGGA un ficheiro actualizado dos beneficiarios incluídos. As medidas financiadas co capítulo VI están excluídas desta obriga.

O FOGGA non tramitará pagos a beneficiarios non inscritos no Rexistro e as peticións de fondos con múltiples beneficiarios, serán bloqueadas integramente pola ausencia no rexistro dun só dos beneficiarios.

Cada vez que se integren no ficheiro novos datos de beneficiarios efectuarase un cruce para determinar a existencia de potenciais incompatibilidades FEAGA-FEADER. En caso positivo, o FOGGA remitirá ás unidades xestoras un informe de alerta ao respecto.

Enténdese como beneficiario a persoa física ou xurídica, pública ou privada, receptora de fondos comunitarios ou responsable da execución das operacións financiadas.



42 MEDIDAS SIXC

Son medidas SIXC as sinaladas no artigo 6 do [Regulamento \(CE\) 1975/2006 da Comisión](#), que utilizan o tamaño da superficie declarada ou o número de animais declarados como referencia para o cálculo do pago e manteñen como sistemática de control a definida no [Regulamento \(CE\) 796/2004 da Comisión](#). Daquela, compre realizar controis administrativos e sobre o terreo na verificación dos criterios de admisibilidade e controis sobre o terreo na comprobación do cumprimento da condicionalidade. En ningún caso se efectuarán pagos antes de concluír os controis de admisibilidade (administrativos e sobre o terreo), aínda que si se poderán facer antes de rematar os controis de condicionalidade; neste caso, deberá recuperarse todo pago indebido.

A utilización polas unidades xestoras competentes da posibilidade de anticipar ata un 75 % das axudas logo da realización dos controis administrativos requirirá da autorización expresa da Autoridade de Xestión.



421 CATÁLOGO DE MEDIDAS

COD	MEDIDA	XESTOR
211	IC MONTAÑA	SERVIZO MEDIDAS COMPLEMENTARIAS
212	IC ZONAS OUTRAS DIFICULTADES	SERVIZO MEDIDAS COMPLEMENTARIAS
214	MEDIDAS AGROAMBIENTAIS	SERVIZO MEDIDAS COMPLEMENTARIAS
215	AXUDAS BENESTAR DOS ANIMAIS	SERVIZO MEDIDAS COMPLEMENTARIAS SERVIZO PRODUCIÓN GANDEIRAS
221	FORESTACIÓN TERRAS AGRARIAS PRIMAS MANTEMENTO	SERVIZO PRODUCIÓN E INDUSTRIAS FORESTAIS
222	SISTEMAS AGROFORESTAIS TERRAS AGRARIAS	SERVIZO PRODUCIÓN E INDUSTRIAS FORESTAIS
223	FOREST. TERRAS NON AGRARIAS PRIMAS MANTEMENTO	SERVIZO PRODUCIÓN E INDUSTRIAS FORESTAIS



422 SOLICITUDES

No caso das medidas que impliquen compromisos plurianuais, o beneficiario presentará unha solicitude anual de pago. As solicitudes de pago presentaranse no marco da Orde da solicitude unificada. A tal fin, as unidades xestoras competentes establecerán os mecanismos de coordinación axeitados coa Subdirección Xeral de Programas FEAGA.

En tanto que axudas vinculadas ao sistema integrado de xestión e control, a identificación de parcelas agrícolas realizarase mediante referencias SIXPAC e serán de aplicación os conceptos de irregularidade, superficie determinada e animal determinado definidos no artigo 2 do [Regulamento \(CE\) 796/2004 da Comisión](#).

As solicitudes pódense retirar total ou parcialmente, por escrito, en calquera momento da tramitación, agás nos casos nos que o produtor fose informado da existencia de irregularidades na solicitude; ou da intención da autoridade competente de efectuarlle un control sobre o terreo; ou da existencia de irregularidades detectadas no control sobre o terreo. Non obstante, a retirada dunha solicitude de pago non exime ao beneficiario do cumprimento dos compromisos asumidos con anterioridade, polo que igualmente se considerará a efectos de control.

Por outra parte, as solicitudes de axuda e pago poden modificarse en calquera momento trala presentación no caso de existiren erros manifestos recoñecidos polas unidades xestoras. De acordo coa interpretación transmitida pola Comisión no documento AGRI/49533/2002, comunmente os erros manifestos détectanse mediante unha comprobación administrativa da información rexistrada no formulario da solicitude. Son exemplos típicos: datos xustificadas documentalmente que non se trasladan á casilla correspondente; erros aritméticos; incoherencias entre a información declarada no mesmo formulario da solicitude ou entre a solicitude e a documentación xustificativa. Os erros detectados como resultado das comprobacións cruzadas contra bases de datos independentes, SIXPAC por exemplo, non se consideran sistematicamente como manifestos, agás en casos evidentes como pode ser a transcripción á solicitude de cifras invertidas (231 por 321), erros na sinalización do código INE dun municipio, etc. Como norma non se poden aplicar criterios sistémicos, senón que compre facer exames individuais caso por caso, especialmente cando dos erros se deriven pagos maiores. As unidades xestoras deberán quedar convencidas de que os erros son de boa fe. Aínda así, a reiteración do mesmo erro reduce a marxe de consideración como non intencionado. En todo caso, a consideración dun erro manifesto deberá quedar xustificada.


O deseño da codificación dos expedientes permitirá o seu seguimento preciso desde a solicitude ata o pago final.



423 PLAN DE CONTROIS

As unidades xestoras poderán agrupar as medidas SIXC baixo a súa responsabilidade nun único plan de control, respectando os criterios de aplicación descritos nos epígrafes 4231/4232/4233.

O plan de controis será aprobado polos directores xerais competentes e formará parte do manual de procedemento de xestión da liña de axuda, que se colgará na carpeta "Manuais de Procedementos" da intranet corporativa da Consellaría do Medio Rural. Remitirase unha copia do plan aprobado, xunto coa resolución da aprobación, tanto á autoridade de xestión como ao organismo pagador.



4231 CONTROIS ADMINISTRATIVOS

Efectuaranse controis administrativos sobre o 100% das solicitudes de axuda e pago e con respecto a tódolos aspectos que sexa posible controlar en relación coa admisibilidade da solicitude. O plan identificará con exactitude os controis a efectuar en cada caso e en cada liña de axuda, a súa secuencia e as responsabilidades concretas da realización, -incluíndo as que correspondan ao FOGGA como receptor da solicitude única-, especialmente en materia de duplicidades de beneficiarios, parcelas e animais; cruces contra SIXPAC e bases de datos de gando; verificación dos criterios de admisibilidade de beneficiario e explotación; e cumprimento de compromisos a longo prazo.

Os controis administrativos poderán tomar en consideración as bases de datos de información e control doutras entidades administrativas e colaboradoras, sempre que dispoñan dunha garantía suficiente da súa fiabilidade.

Igualmente controlarase a existencia de incompatibilidades entre as distintas liñas de axuda integradas nunha mesma medida e entre estas e outras axudas FEADER ou FEAGA, de acordo coas alertas remitidas polo FOGGA.

Cada expediente acompáñase dunha lista de control exhaustiva a asinar polas persoas que participan activamente no control.

A mecánica de coordinación entre a Subdirección Xeral de Programas FEAGA e as unidades xestoras das medidas de desenvolvemento rural permitirá a comunicación das irregularidades detectadas no control e garantirá o seu seguimento e resolución polos medios e procedementos axeitados.



4232 CONTROIS TERREO ADMISIBILIDADE

Cada ano realízanse controis sobre o terreo sobre un mínimo do 5 % do conxunto de beneficiarios con compromisos subscritos nunha ou varias das medidas SIXC. Os plans de control globais, deberán definir a porcentaxe de expedientes a controlar en cada medida, respectando un mínimo do 2 %, de acordo cunha análise de riscos que teña en consideración, cando menos, o importe do gasto público comprometido en cada medida.

Independentemente da redacción conxunta ou individual dos plans, cada medida deberá contar con disposicións específicas respecto da responsabilidade da execución do control e dos criterios de selección da mostra.

Toda actuación de control deberá atender á comprobación da superficie ou gando que serve de base de cálculo para o pago da axuda e á verificación dos indicadores de cumprimento dos compromisos asumidos. Os controis exerceranse sobre tódalas parcelas agrícolas polas que se solicitou a axuda. Non obstante, as verificacións in situ poderán reducirse a unha mostra do 50 % das parcelas. A determinación das superficies axustarase ao disposto no artigo 30 do [Regulamento \(CE\) 796/2004 da Comisión](#). Non obstante, no caso das axudas á forestación das terras non agrarias acéptase unha marxe de tolerancia de 3 metros aplicada ao perímetro da parcela, cun máximo de 2 Has por parcela.


A poboación de control estará integrada polos expedientes susceptibles de pago trala realización dos controis administrativos sobre a solicitude anual. Este control non exixe da verificación do cumprimento de compromisos a longo prazo ou nos casos de non presentación de solicitude de pago.

A selección da mostra será aleatoria nun 20% dos expedientes e dirixida no 80%, en base a unha análise de riscos que considere como mínimo o importe da axuda, a súa antigüidade e a necesidade de diversificar as medidas e operacións a controlar. A eficacia da análise de riscos avaliarase anualmente. Compre registrar as razóns que motivan a selección de cada expediente.

Os controis distribuiranse ao longo do ano en función da consideración do mellor momento para a verificación do cumprimento dos compromisos e das posibilidades operativas das unidades xestoras. En todo caso, remataranse antes do pago da axuda en cuestión.

Os controis evidéncianse en actas que deberán indicar, como mínimo:


Medida e expediente
Tipo de control: aleatorio/dirixido
Data de preaviso



Lugar, data e hora do control
Identificación do inspector
Identificación do beneficiario/representante
Parcelas obxecto de control
Animais presentes
Indicadores de seguimento e resultados do control
Alegacións do beneficiario
Observacións
Sinaturas

O beneficiario terá a posibilidade de asinar a acta para certificar a súa presenza no control e achegar cantas observacións estime oportunas. En todo caso, sempre que se detectaren irregularidades, proporcionaráselle copia da acta ou do informe de control consecuente.

Tódolos inspectores recibirán instrucións precisas respecto da sistemática de control. Por outra parte, cada unidade establecerá un sistema de supervisión dos controis sobre o terreo que inclúa a revisión e repetición dunha porcentaxe non inferior a o 1 % dos controis efectuados.



4233 CONTROIS TERREO CONDICIONALIDADE

Os pagos das medidas SIXC, agás no caso da forestación das terras non agrarias, están supeditados ao cumprimento da condicionalidade. A tal efecto, resulta de aplicación a sistemática de control establecida polo Decreto 106/2007 de 31 de maio, sobre a distribución de competencias na aplicación e control da condicionalidade en relación ao desenvolvemento rural e ás axudas directas da PAC.

O control da condicionalidade practícase no marco do plan anual de controis elaborado polo FOGGA. De acordo coa normativa vixente, o FOGGA é o organismo especializado de control para o cumprimento das boas prácticas agrarias e agroambientais e de certos requisitos legais de xestión en materia de medio ambiente (conservación de aves silvestres, protección de augas subterráneas e conservación de hábitats naturais e da fauna e flora silvestres). Pola súa parte, a Consellaría do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria é o órgano especializado de control para o cumprimento dos requisitos legais de xestión en materia de saúde pública, sanidade e identificación e rexistro de animais; saúde pública e cuestións veterinarias e fitosanitarias; notificación de enfermidades; benestar dos animais; e medio ambiente.

Cada unidade xestora remitirá ao FOGGA, dentro dos prazos previstos, a relación de expedientes que constitúen a poboación de control. O FOGGA reunirá os datos para conformar o universo de condicionalidade. Sobre este universo, cada organismo especializado de control seleccionará unha mostra dun 1 % e procederá aos controis pertinentes, reportando os resultados ao FOGGA. O propio FOGGA determina a porcentaxe a deducir por causa da condicionalidade e comunícallo ás unidades xestoras para a súa aplicación nos importes determinados en cada unha das medidas. No caso de pagos xa realizados, as unidades xestoras competentes iniciarán o procedemento de recuperación dos importes correspondentes, segundo as disposicións do epígrafe 7.




424 REDUCIÓNS E EXCLUSIÓNS

Cada unidade xestora será responsable da aplicación das reducións e exclusións que correspondan como consecuencia das irregularidades detectadas nos controis. No caso de acumulación, as reducións aplícanse coa seguinte secuencia: presentación tardía da solicitude de pago; sobredeclaración; incumprimento dos criterios de admisibilidade; e condicionalidade.

Agás causa de forza maior as axudas minóranse nun 1 % por cada día hábil de presentación da solicitude de pago fora do prazo concedido. No caso dun atraso superior aos 25 días naturais a solicitude considerárase inadmisibile. Son causas de forza maior o pasamento do agricultor, a incapacidade laboral de longa duración, unha catástrofe natural grave que interese ás terras agrarias da explotación, a destrución accidental grave dos locais gandeiros ou unha epizootia que afecte parcial ou totalmente ao gando da explotación. En todo caso, estas causas deberán ser comunicadas por escrito e xustificadas polo beneficiario nun prazo de 10 días hábiles desde que se atope en condicións de facelo.

A efectos de control das sobredeclaracións por superficies considéranse tres grupos de cultivos: indemnizacións compensatorias, medidas agroambientais e forestación de terras non agrarias. Para cada grupo de cultivo, a superficie de referencia para o cálculo da axuda será a superficie declarada na solicitude de pago cando é inferior á superficie determinada; e a superficie determinada cando é inferior á declarada. Cando como consecuencia do control administrativo ou sobre o terreo se detecten diferencias entre superficie declarada e determinada, procederán as seguintes reducións e exclusións:

- Se a diferenza entre superficie declarada e superficie determinada é superior ao 3 % ou 2 Has, pero igual ou inferior ao 20 % da superficie determinada, a axuda calcúlase sobre a base da superficie determinada minorada na dobre da diferenza detectada.
- Se a diferenza é do 20-30 % da superficie determinada, non se concederá ningunha axuda para á medida á que se vincule a superficie en cuestión.
- Se a diferenza é do 30-50 % da superficie determinada, o beneficiario quedará excluído da axuda ao desenvolvemento rural á que tivera dereito durante o ano civil en cuestión e polas medidas vinculadas a superficie.
- Se a diferenza é superior ao 50 %, ademais reteráselle un importe igual ao correspondente á diferenza entre superficie declarada e determinada. Este importe deducirase de calquera pago que se lle abone con cargo a calquera axuda PAC ou de desenvolvemento rural durante os 3 anos civís seguintes




ao descubrimento da irregularidade. Pasado tal prazo, cancelábase o saldo sen cubrir.

- Se as diferencias entre superficie declarada e determinada son imputables a irregularidades cometidas intencionadamente, o beneficiario quedará excluído da axuda á que tivera dereito e ademais reteráselle o mesmo importe, a deducir de calquera pago que se lle abone con cargo a calquera axuda PAC ou de desenvolvemento rural durante os 3 anos civís seguintes ao descubrimento da irregularidade. Pasado tal prazo, cancelábase o saldo sen cubrir.

Cando non se cumpra algún dos compromisos vinculados á concesión da axuda, agás os relacionados co tamaño da superficie ou número de animais, reducirase ou denegarase a axuda, en función da gravidade, alcance e persistencia do incumprimento detectado. A gravidade depende da importancia das consecuencias; o alcance da repercusión no conxunto da operación; e a persistencia, da duración das repercusións ou do tempo necesario para remedialas.

A condicionalidade aplícase segundo a sistemática descrita no epígrafe 4233.



43 MEDIDAS NON SIXC

Defínense como medidas non SIXC as sinaladas no artigo 25 do [Regulamento \(CE\) 1975/2006 da Comisión](#). Agrupan á meirande parte das actuacións de desenvolvemento rural, diferenciadas en dúas tipoloxías básicas: investimentos suxeitos aos criterios de permanencia prescritos no artigo 72 do Regulamento (CE) 1698/2005 e actividades de promoción ou servizo.

Independentemente da tipoloxía, o financiamento normal das medidas corre a cargo dos capítulos VI ou VII do gasto. Como norma, as operacións do capítulo VII ampáranse en ordes de convocatoria, mentres que as do VI responden a actuacións directas da administración.

A sistemática de control aséntase sobre a base dun control administrativo sobre o 100 % dos expedientes e dun control sobre o terreo sobre unha mostra a seleccionar. Só nos casos das operacións de investimento, compre a realización dun control a posteriori, para verificar o cumprimento do disposto no artigo 72 do [Regulamento \(CE\) 1698/2005](#).

Os controis administrativos deberán completarse sempre antes do pago. Os controis sobre o terreo deberán finalizarse, na medida do posible, antes do pago derradeiro dun proxecto. Os controis a posteriori, obviamente, realízanse tralo pago derradeiro dun proxecto.




431 CATÁLOGO DE MEDIDAS

INVESTIMENTO/CAPÍTULO VI

COD	MEDIDA	XESTOR
122	AUMENTO VALOR ECONÓMICO DOS BOSQUES	SERVIZO PLAN E VALORIZACIÓN DO MONTE S.X. RECURSOS FORESTAIS
125	INFRAEST. ADAPTACIÓN AGRICULTURA E SILVICULTURA	S.X. INFRAESTRUTURAS AGRARIAS
226	RECUPERACIÓN POTENCIAL FORESTAL E MEDIDAS PREVENTIVAS	S.X. DEFENSA CONTRA INCENDIOS
227	INVERSIONES FORESTALES NO PRODUCTIVAS	SERVIZO PLAN E VALORIZACIÓN DO MONTE
321	SERVICIOS BÁSICOS PARA LA ECONOMÍA Y POBLACIÓN RURAL	SUBDIRECCIÓN COORDINACIÓN E PLANIFICACIÓN DESENVOLVEMENTO RURAL S.X. INFRAESTRUTURAS AGRARIAS

INVESTIMENTO/CAPÍTULO VII

COD	MEDIDA	XESTOR
112	INST. AGRICULTORES MOZOS	SERVIZO AXUDAS ESTRUTURAS
121	MODERNIZACIÓN EXPLOTACIONES AGRÍCOLAS	SERVIZO AXUDAS ESTRUTURAS SERVIZO FOMENTO ASOCIATIVO
122	AUMENTO VALOR ECONÓMICO DOS BOSQUES	SERVIZO PLAN E VALORIZACIÓN DO MONTE S.X. RECURSOS FORESTAIS
123	AUMENTO VALOR PRODUTOS AGRÍCOLAS E FORESTAIS	SERVIZO FOMENTO ASOCIATIVO SERVIZO INDUST. COMERC. AGROALIMENT. SERVIZO PRODUCCIÓN INDUSTRIAS FOREST.
124	COOP. DESENVOLVEMENTO PRODUTOS/PROCESOS/TECNO	SERVIZO TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA ESTADÍSTICA E PUBLICACIÓN
216	INVESTIMENTOS AGRARIOS NON PRODUTIVOS	SERVIZO MEDIDAS COMPLEMENTARIAS
223	FORESTACIÓN NON AGRARIAS CUSTO IMPLANTACIÓN	SERVIZO PRODUCCIÓN E INDUSTRIAS FORESTAIS
226	RECUPERACIÓN POTENCIAL FORESTAL E PREVENCIÓN	S.X. DEFENSA CONTRA INCENDIOS
227	INVERSIONS FORESTAIS NON PRODUTIVAS	SERVIZO PLAN E VALORIZACIÓN DO MONTE
311	DIVERSIFICACIÓN ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS	SUBDIRECCIÓN COORDINACIÓN E PLANIFICACIÓN DESENVOLVEMENTO RURAL
312	MICROEMPRESAS	SUBDIRECCIÓN COORDINACIÓN E PLANIFICACIÓN DESENVOLVEMENTO RURAL
313	FOMENTO ACTIVIDADES TURÍSTICAS	SUBDIRECCIÓN COORDINACIÓN E PLANIFICACIÓN DESENVOLVEMENTO RURAL
321	SERVICIOS BÁSICOS PARA A ECONOMÍA E POBOACIÓN RURAL	SUBDIRECCIÓN COORDINACIÓN E PLANIFICACIÓN DESENVOLVEMENTO RURAL S.X. INFRAESTRUTURAS AGRARIAS
323	CONSERVACIÓN E MELLORA DO PATRIMONIO RURAL	SUBDIRECCIÓN COORDINACIÓN E PLANIFICACIÓN DESENVOLVEMENTO RURAL SERVIZO AXUDAS ESTRUTURAS S.X. RECURSOS FORESTAIS



PROMOCIÓN/CAPÍTULO VI

COD	MEDIDA	XESTOR
111	INFORMACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL	SERVIZO FORMACIÓN AGROFORESTAL SERVIZO PLAN E VALORIZACIÓN DO MONTE SERVIZO TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA EP

PROMOCIÓN/CAPÍTULO VII

COD	MEDIDA	XESTOR
111	INFORMACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL	SERVIZO FORMACIÓN AGROFORESTAL SERVIZO PLAN E VALORIZACIÓN DO MONTE SERVIZO TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA EP
113	CESE ANTICIPADO	SERVIZO MEDIDAS COMPLEMENTARIAS
114	UTILIZACIÓN SERVIZOS ASESORAMIENTO	SERVIZO MEDIDAS COMPLEMENTARIAS
115	IMPLANTACIÓN SERVIZOS XESTIÓN,SUST, ASESORAMENTO	SERVIZO P.A. SUSTENTABLE E SAN. VEXETAL SERVIZO FOMENTO ASOCIATIVO
131	ADAPTACIÓN AGRICULTORES NORMAS COMUNITARIAS	SERVIZO PLANIFICACIÓN GANDEIRA
132	AGRICULTORES EN PROGRAMAS CALIDADE ALIMENTOS	SERVIZO PROMOCIÓN CALIDADE AGROALIM.
133	AGRUPACIONES PRODUCTORES INFORMACIÓN E PROMOCIÓN	SERVIZO PROMOCIÓN CALIDADE AGROALIM.
214B	CONSERVACIÓN RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA	SERVIZO PRODUCIÓNS GANDEIRAS SERVIZO P.A. SUSTENTABLE E SAN. VEXETAL




432 SOLICITUDES E PROGRAMAS

As solicitudes de axuda e pago das medidas amparadas en ordes publicadas no DOG presentaranse de acordo coas bases da convocatoria, tanto no que se refire á prazos como a modelos. O beneficiario presentará unha solicitude anual de pago no caso das medidas de promoción que impliquen compromisos plurianuais. No caso de operacións de investimento capítulo VII a comunicación do beneficiario de remate das actuacións terá a consideración de solicitude de pago. As solicitudes presentadas fora dos prazos concedidos serán rexeitadas.

As actuacións directas da administración, implantadas sen mediar orde de convocatoria, precisarán da aprobación polo director xeral competente dun programa ou plan de aplicación, do que se deriven as operacións financiadas. O programa complétase cun documento de proposta de actuacións concretas, no caso de operacións realizadas en colaboración coas administracións locais ou outras entidades de dereito público. Cando as operacións impliquen procedementos de contratación administrativa, serán de aplicación particular os preceptos da [Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público](#), en contratacións posteriores ao 1 de maio de 2008, ou do Real Decreto Legislativo 2/2000 nas contratacións dispostas con anterioridade.

O deseño da codificación dos expedientes permitirá o seu seguimento preciso desde a solicitude ata o pago final.

As solicitudes de axuda e pago poden modificarse en calquera momento trala presentación no caso de existiren erros manifestos recoñecidos polas unidades xestoras. Comunmente detéctanse mediante unha comprobación administrativa da información rexistrada no formulario da solicitude. Como norma non se poden aplicar criterios sistémicos na definición dos erros manifestos, senón que compre facer exames individuais caso por caso, especialmente cando dos erros se deriven pagos superiores. As unidades xestoras deberán quedar convencidas de que os erros son de boa fe. Aínda así, a reiteración do mesmo erro reduce a marxe de consideración como non intencionado. En todo caso, a consideración dun erro manifesto deberá quedar plenamente xustificada.



433 PLAN DE CONTROIS

As unidades xestoras poderán agrupar as medidas non SIXC baixo a súa responsabilidade nun único plan de control, respectando as condicións sinaladas nos epígrafes 4331/4332/4333.

O plan de controis será aprobado polos directores xerais competentes e formará parte do manual de procedemento de xestión da liña de axuda, que se colgará na carpeta "Manuais de Procedementos" da intranet corporativa da Consellaría do Medio Rural. Remitirase unha copia do plan aprobado tanto á autoridade de xestión como ao organismo pagador.



4331 CONTROIS ADMINISTRATIVOS


Cada unidade xestora realizará controis administrativos sobre o 100 % das solicitudes de axuda e pago ou das operacións derivadas dos plans específicos que desenvolvan. Os controis aplicaranse sobre tódolos elementos de admisibilidade que sexa posible controlar por vía administrativa. En todo caso existirá unha lista exhaustiva das verificacións a efectuar, tanto de carácter técnico como puramente administrativo, que acompañará a cada expediente. A lista será asinada polos funcionarios que participen no control e servirá de evidencia da súa realización.

Os controis administrativos das **solicitudes de axuda asociadas a medidas de investimento/promoción capítulo VII**, inclúen:

- Control dos requisitos do solicitante e/ou entidade (empresa ou explotación) establecidos na orde. A xustificación do cumprimento poderá ser documental ou mediante cruces contra distintas bases de datos, propias ou alleas, respectando en todo caso a normativa legal en materia de protección de datos persoais.
- Control da conformidade da operación cos preceptos da orde e coas disposicións nacionais e comunitarias pertinentes, especialmente de carácter sectorial. Avaliación do proxecto e moderación dos custes propostos mediante os sistemas apropiados.
- Control de compatibilidade con outras medidas FEAGA/FEADER en vigor e coas medidas FEOGA-Orientación 2000/2006. A tal efecto crúzase o ficheiro de solicitantes contra o rexistro de beneficiarios do FOGGA, segundo se indica no epígrafe 414; e contra a base de datos de beneficiarios FEOGA-Orientación.
- Control da fiabilidade do solicitante con referencia a operacións anteriores cofinanciadas a partir de 2000. A tal efecto, crúzase o ficheiro de solicitantes contra a base de datos de irregularidades FEOGA-Orientación 2000/2006.
- Control da aplicación dos criterios de prioridade establecidos no PDR e na propia orde de convocatoria.

Os controis administrativos das **solicitudes de axuda asociadas a medidas de investimento/promoción capítulo VI** incluirán, segundo proceda en cada caso:

- Control da conformidade da operación coas directrices do plan aprobado e coas disposicións nacionais e comunitarias pertinentes, especialmente de carácter sectorial. Xustificación documental do proceso de selección da operación.




- Control da compatibilidade con outras medidas FEADER/FEDER/FSE de acordo coa información proporcionada polo informe de conformidade da autoridade de xestión.
- Control da xustificación documental do procedemento de formalización de convenios, cando proceda.
- Control do procedemento de contratación administrativa, de acordo coas disposicións específicas da [Lei 30/2007 de Contratos no Sector Público](#) ou do Real Decreto Lexislativo 2/2000, segundo proceda en cada caso.

Os controis administrativos das **solicitudes de pago asociadas a medidas de investimento capítulo VII e promoción capítulos VI/VII** incluirán, en tódolos casos:

- Control da xustificación documental do subministro efectivo do produto ou servizo cofinanciado.
- Verificación da autenticidade dos gastos declarados, a xustificar mediante factura ou documento substitutivo, segundo as disposicións do regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación ([RD 1496/2003](#) do 28 de novembro modificado polo RD 87/2005 do 31 de xaneiro), xunto coa proba do pago efectivo dos importes xustificados.
- Control do remate da operación obxecto da solicitude de pago. No caso de operacións de investimento con certificacións parciais de pago, o control se referirá exclusivamente á materia da certificación, sen que implique o remate do investimento autorizado. As operacións de investimento incluirán unha visita in situ para comprobar o remate da operación obxecto da solicitude de pago.

Os controis administrativos dos **pagos en medidas de investimento capítulo VI** incluirán:

- Verificación da xustificación documental do gasto de acordo coas prescricións da normativa legal en materia de contratación administrativa.
- Control in situ do remate do investimento obxecto da solicitude de pago. No caso de investimentos con certificacións parciais de pago, o control se referirá exclusivamente á materia da certificación, sen que implique o remate da operación.



4332 CONTROIS SOBRE O TERREO


Cada ano realízanse controis sobre o terreo sobre unha mostra que representa un mínimo do 4 % do gasto público declarado á Comisión no conxunto das medidas non SIXC, no ano correspondente. Esta mostra, ademais, deberá sumar o 5 % do gasto declarado polo mesmo concepto durante todo o período de programación. Cando un plan de control integre varias medidas deberá definir a porcentaxe da mostra que corresponda a cada unha delas, considerando especialmente a súa importancia económica e respectando o principio de que tódalas medidas estean representadas nunha mostra que represente, cando menos, o 2% do gasto público que se declare pola medida en cuestión ou o 2 % dos expedientes, segundo proceda en cada caso, sendo que esa porcentaxe implique o control de 1 expediente, como mínimo, de cada tipo de operación (orde de convocatoria ou plan de actuación) distinta que se derive dunha mesma medida.

Independentemente da redacción conxunta ou individual dos plans, cada medida deberá contar con disposicións específicas respecto da responsabilidade da execución dos controis e dos factores de riscos relevantes a considerar na selección da mostra.

De acordo coa normativa comunitaria os controis sobre o terreo practícanse sobre operacións autorizadas e, na medida do posible, antes do pago derradeiro dun proxecto. Daquela, a sistemática de planificación dos controis, con excepción das medidas de investimento capítulo VI, incluírá:

1. Definición do poboación de control, integrada polos expedientes con pagos previsibles no ano natural en curso, con independencia da data da autorización da operación.
2. Estimación do número previsible de expedientes a controlar, en función da porcentaxe de gasto asignada que debe representar a mostra e o cálculo do pago medio por expediente.
3. Estudo da temporalidade previsible nos pagos.
4. Determinación dos criterios de risco que servirán para seleccionar a mostra dirixida (80 % dos expedientes de control). A aplicación destes criterios será continuada no tempo, segundo se van producindo as solicitudes de pago, e unha vez completados os controis administrativos. Os controis poderán coincidir coas certificacións, sempre que sexan realizados por inspectores distintos con actas de control diferenciadas.
5. Definición da mostra aleatoria (20 % dos expedientes de control). A mostra selecciónase de entre o total de expedientes a pagar ou pagados no ano en curso, con excepción dos que xa fosen obxecto de control.

No caso das medidas de investimento capítulo VI, prefinanciadas con fondos propios achegados polo Tesouro da Xunta de Galicia, a selección da mostra



para control sobre o terreo extraerase sobre o conxunto de operacións certificadas mensualmente con documento K. A mostra selecciónase de acordo cunha análise de riscos que atenda como mínimo ao importe do pago e á diversificación das operacións a controlar. En todo caso, os controis complétanse antes de solicitar o reembolso ao FOGGA.

Os contidos do control defínense no artigo 28 do [Regulamento \(CE\) 1975/2006](#). Compre recoñecer que parte deses contidos figuran na certificación das operacións de investimento, especialmente as asociadas aos procedementos de contratación administrativa. O epígrafe 4.16 do documento AGRI/VI/10535/99 orienta a planificación da sistemática do control sobre o terreo asociando as comprobacións administrativas *in situ* a unha mera comprobación *de viso* da realización do investimento, a diferenza das comprobacións propias dos controis sobre o terreo, que buscan completar ás comprobacións administrativas, realizando un control exhaustivo sobre unha mostra de beneficiarios, incluso coincidindo os actos de certificación e control sobre o terreo. Partindo destas consideracións distinguimos entre controis nas operacións de promoción capítulos VI/VII e nas de investimento capítulo VI. En todo caso os controis incluírán unha visita ao beneficiario/promotor ou lugar do investimento e cubrirán tódolos compromisos ou obrigas que sexa posible controlar no momento da visita. A tal efecto, a preparación dos controis sobre o terreo esixe da dispoñibilidade da información obtida nos controis administrativos para verificar a súa fiabilidade.

Controis sobre o terreo nas medidas de promoción capítulos VI-VII/investmentos capítulo VII:

1. Conformidade física da operación coas condicións de aprobación.
2. Conformidade normativa en materia de licenzas e autorizacións.
3. Mantemento polo beneficiario/promotor dunha contabilidade específica FEADER ou dun código contable axeitado onde se rexistren as transaccións relativas á operación.
4. Para unha porcentaxe mínima do 50 % dos gastos aprobados verificar:
 - a. Están incluídos na contabilidade.
 - b. Están amparados en facturas ou documentos de pago válidos.
 - c. As datas das facturas correspóndense con subministros ou servizos vinculados á operación e efectuados dentro dos prazos aprobados para a súa execución.
 - d. Os importes imputados respectan as condicións de elixibilidade previstas na normativa de aplicación e coinciden cos comunicados ás unidades xestoras na solicitude de pago.
5. Sobre as facturas revisadas, seleccionar unha mostra aleatoria e solicitar a conformidade dos provedores implicados por calquera medio que permita constancia.



Os contidos que formen parte das actuacións propias da certificación poden ser utilizados na práctica do control sobre o terreo. Deste xeito, o inspector revisará ás mesmas cuestións, reflectindo na acta os resultados acadados e manifestando expresamente as discrepancias que observase respecto dos resultados da certificación. O control complétase coas actuacións precisas para a verificación dos contidos non cubertos nas actividades de certificación.

Controis sobre o terreo nas medidas de investimento capítulo VI:


Os investimentos financiados con capítulo VI asóciáanse a procedementos de contratación administrativa con certificacións mensuais de pago, onde a administración pública é beneficiaria da axuda. As certificacións expídense por unha parte de investimento executado polo que se solicita o pago, mentres que os controis sobre o terreo deberían estenderse á operación enteira ata o momento do control, con especial atención á conformidade coa normativa en materia de contratación. Resulta evidente, que a certificación excede da mera comprobación física da existencia do investimento, polo que sería aceptable utilizar as actas de certificación na medida que respondan aos contidos de control esixidos no artigo 28 do [Regulamento \(CE\) 1975/2006](#). Daquela, o control sobre o terreo nos investimentos capítulo VI deberán observar os seguintes mínimos:

Comprobacións in situ

1. Conformidade in situ do investimento coas condicións de aprobación. O inspector revisa ás certificacións expedidas ata o momento do control sobre o terreo, reflectindo na acta os resultados acadados e manifestando expresamente as discrepancias que observase respecto dos resultados das certificacións.
2. Comprobación in situ do cumprimento das condicións esixidas en materia de publicidade FEADER.

Comprobacións en dependencias administrativas

3. Conformidade da execución do investimento coa normativa comunitaria e estatal en materia de contratación administrativa. A tal efecto revisárase o expediente de contratación nas dependencias administrativas onde se arquiva.
4. Mantemento dunha contabilidade específica FEADER ou dun código contable axeitado onde se rexistren as transaccións relativas á operación.
5. Verificación de que os gastos certificados desde o inicio da execución do investimento:
 - a. Están incluídos na contabilidade.
 - b. Están amparados en facturas ou documentos de pago válidos.



- c. As datas das certificacións correspóndense cos prazos aprobados para a execución do investimento.
- d. Os importes imputados respectan as condicións de elixibilidade previstas na normativa de aplicación e coinciden cos comunicados ás unidades xestoras na solicitude de pago.

Controis sobre o terreo na medida de cese anticipado:

No caso da medida do cese anticipado, os controis sobre o terreo realízanse unha única vez con carácter previo ao primeiro pago. A partir de entón substitúense por controis administrativos que garantan o cumprimento das condicións de autorización.

Os controis evidéncianse en actas que deberán indicar, como mínimo:

Medida, operación e expediente
Tipo de control: aleatorio/dirixido
Data de preaviso
Lugar, data e hora do control
Identificación do inspector
Identificación do beneficiario/representante
Resultados do control
Alegacións do beneficiario/promotor
Observacións: discrepancias coa certificación.
Sinaturas

O beneficiario terá a posibilidade de asinar a acta para certificar a súa presenza no control e achegar cantas observacións estime oportunas. En todo caso proporcionaráselle copia, agás no caso dos controis sobre o terreo dos investimentos capítulo VI onde non será necesaria a sinatura, por ser a propia administración beneficiaria.

Tódolos inspectores recibirán instrucións precisas respecto da sistemática de control. No caso das medidas de promoción procede o establecemento dunha sistemática de supervisión dos controis sobre o terreo que inclúa a revisión e repetición dunha porcentaxe non inferior ao 1 % dos controis efectuados.




4333 CONTROIS A POSTERIORI

As operacións definidas como investimentos no epígrafe 431 son susceptibles de control a posteriori de acordo co disposto no artigo 30 do Regulamento (CE) 1975/2006. Os controis cubrirán anualmente un 1 % do gasto en investimentos completamente pagados e comunicados á Comisión ata o 15 de outubro, de tal xeito que o volume de pagos sobre o que extraer a mostra increméntase cada ano. Esta porcentaxe aplícase horizontalmente a cada medida. Os xestores manterán actualizado o ficheiro da poboación de control.

Cada unidade é responsable da realización dos controis a posteriori sobre os investimentos que autorizou. Os controis realízanse no período comprendido entre o 16 de outubro e o 15 de outubro do ano seguinte, sobre unha mostra seleccionada mediante unha análise que considere, cando menos, o importe da axuda, a diversidade dos investimentos e os factores de risco particulares a cada un deles. Na mostra inclúense os expedientes que a xuízo dos xestores se deban controlar.

Os controis realízanse in situ e en dependencias administrativas, cos seguintes obxectivos:

- Verificación de que os investimentos non sufriron modificacións importantes durante os cinco anos seguintes ao seu pago. Neste senso, considérase modificación importante á alteración da natureza do investimento ou as condicións de execución; á concesión dunha vantaxe indebida a unha empresa ou organismo público; ao cambio no réxime de propiedade da infraestrutura; á interrupción na actividade produtiva; ao cambio de localización da actividade; e á diminución do emprego ou unidades de traballo agrario xeradas como requisito para a concesión da axuda, agás condicións de forza maior debidamente xustificadas. Son causas de forza maior: o pasamento do beneficiario, a incapacidade laboral de longa duración, unha catástrofe natural grave ou a destrución do investimento por accidente ou como consecuencia doutras actuacións de interese público non previsibles no momento da concesión. En todo caso, estas causas deberán ser comunicadas por escrito e xustificadas polo beneficiario nun prazo de 10 días hábiles desde que se atope en condicións de facelo.
- Comprobación da autenticidade e finalidade dos pagos efectuados polos beneficiarios, excepto nos casos de contribución en especie ou gastos globais. A tal efecto, procederase segundo a sistemática descrita no epígrafe 4332.
- Garantir que o investimento non foi obxecto de dobre financiamento comunitario ou estatal con posterioridade ao pago final. A tal efecto solicitarase declaración expresa do beneficiario e, no caso de persistiren dúbidas razoables, buscarase conformidade mediante cruces co rexistro de




beneficiarios do FOGGA e outros rexistros de subvencións públicas a disposición das unidades xestoras.

Os controis evidéncianse en actas que deberán indicar, como mínimo:

Medida, operación e expediente
Tipo de control: aleatorio/dirixido
Data de preaviso
Lugar, data e hora do control
Identificación do inspector
Identificación do beneficiario/representante
Resultados do control
Alegacións do beneficiario/promotor
Observacións
Sinaturas

O beneficiario terá a posibilidade de asinar a acta para certificar a súa presenza no control e achegar cantas observacións estime oportunas, agás nos casos de controis a investimentos capítulo VI onde a Xunta de Galicia é beneficiaria.

Tódolos inspectores recibirán instrucións precisas respecto da sistemática de control. O resultado dos controis a posteriori de cada medida recollerase nun informe que inclúa a relación de expedientes controlados e as principais conclusións obtidas. O informe remitirase ao FOGGA, con copia á autoridade de xestión, antes do 30 de novembro de cada ano.



434 REDUCIÓNS E EXCLUSIÓNS

Os pagos calcúlanse sobre a base do que se considera elixible. Cada unidade xestora determinará:

- a) O importe que se pode conceder ao beneficiario en función da solicitude de pago. A tal efecto tomarase en consideración a suma dos importes de gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.
- b) O importe que se pode conceder ao beneficiario logo de controlar a elixibilidade dos gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.

A cantidade a pagar ao beneficiario será a definida no importe b). Cando o importe a) supera ao importe b) en máis dun 3 %, a cantidade a pagar é igual ao importe b) menos á diferenza entre os dous importes. Esta redución non se aplica cando o beneficiario pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe non elixible.

As reducións prescritas aplícanse igualmente sobre os gastos non elixibles identificados nos controis sobre o terreo, cando son posteriores ao pago, e nos controis a posteriori.


Cando se determine intencionalidade na presentación dunha declaración falsa, o beneficiario quedará excluído da axuda FEADER en cuestión e do resto de axudas vinculadas á medida durante o exercicio FEADER de que se trate e o seguinte. Ademais recuperaranse os importes abonados pola operación ata ese momento, no caso de ter pagos parciais.

As reducións e exclusións definidas non eximen da posible imposición de sancións de acordo coas disposicións normativas estatais e autonómicas, que requirirán, en todo caso, da instrución dun procedemento sancionador específico.




44 LEADER

As medidas asociadas ao enfoque LEADER defínense no artigo 63 do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello. A aplicación do enfoque deriva no mantemento de controis sobre a execución estricta das medidas e na definición de controis específicos sobre os grupos de desenvolvemento rural. En ambos casos, a sistemática depende da estrutura de xestión LEADER planeada. En Galicia a xestión das axudas corre por conta de AGADER, actuando os grupos como entidades colaboradoras que seleccionan os proxectos e participan na realización de certos controis. Con este esquema, o control dos GDR enfócase sobre o seu funcionamento como grupo e sobre a súa participación como entidade colaboradora na xestión de AGADER, mentres que os controis sobre a xestión das axudas responden aos criterios determinados para as medidas non SIXC financiadas co capítulo VII do orzamento de gastos, as únicas programadas no eixo 4 do PDR de Galicia.



441 CATÁLOGO DE MEDIDAS


COD	MEDIDA	XESTOR
41	ESTRATEGIAS DESENVOLVEMENTO LOCAL	
411	COMPETITIVIDADE	
412	MEDIO AMBIENTE ENTORNO RURAL	SUBDIRECCIÓN DE RELACIÓNS COS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL
413	CALIDADE VIDA DIVERSIFICACION ECONOMIA	
421	COOPERACIÓN	
431	FUNCIONAMIENTO GDR	



442 SOLICITUDES

A organización LEADER parte da base da selección dos GDR como axentes responsables da proposta e impulsión de estratexias integradas de desenvolvemento local. Neste senso, os grupos actúan en primeira instancia solicitando a súa adhesión ao programa LEADER. A tal efecto, as súas propostas son solicitudes e, por tanto, deberán someterse aos controis precisos para a súa autorización. Por outra parte, en tanto receptores potenciais de fondos FEADER a través da medida 431, os GDR seguirán o procedemento normal de xestión das axudas non SIXC, coa excepción da presentación da solicitude anual de pago.


Unha vez autorizados, a estratexia de desenvolvemento local autorizada serve de base para sustentar a execución de operacións concretas. De tódolos xeitos, resulta necesaria a planificación de un sistema formal para vehicular as propostas de proxectos que presenten os GDR constituídos.



443 PLAN DE CONTROIS

A Subdirección de Relacións cos Grupos de Acción Local poderá agrupar as medidas LEADER nun único plan de control, respectando as condicións sinaladas nos epígrafes 4331/4332/4333.


O plan de controis será aprobado polo director de AGADER e formará parte do manual de procedemento de xestión da liña de axuda, que se colgará na carpeta "Manuais de Procedementos" da intranet corporativa da Consellaría do Medio Rural. Remitirase unha copia do plan aprobado tanto á autoridade de xestión como ao organismo pagador.



444 REDUCIÓNS E EXCLUSIÓNS

As medidas LEADER están suxeitas ao réxime de reducións e exclusións definido no epígrafe 434 para as medidas non SIXC.

Os grupos de desenvolvemento rural poden sufrir as consecuencias dunha redución ou exclusión como beneficiarios da medida 431. Non obstante, en tanto que os GDR non teñen competencias de pago e a súa actuación xestora está baixo a supervisión de AGADER, as deficiencias no funcionamento do grupo non deberían afectar aos beneficiarios das medidas correctamente aprobadas e executadas. En último caso, o incumprimento reiterado das súas obrigas como axente impulsor da estratexia de desenvolvemento local derivará na revogación da autorización concedida, de acordo co procedemento que se defina nos convenios reguladores.



445 CONTROIS GDR

O control sobre os grupos de desenvolvemento rural oríentase nunha dobre vertente: por un lado as condicións de autorización e funcionamento como grupo e entidade colaboradora; doutro as actividades de xestión das medidas.

Control de autorización e funcionamento

De acordo co artigo 37 do Regulamento (CE) 1974/2006 trala aprobación do PDR compre facer unha convocatoria pública de propostas para a selección de estratexias de desenvolvemento local. Os grupos propoñentes respectarán o disposto no artigo 62 do Regulamento (CE) 1698/2006 en materia de representación social e demostración da súa capacidade para definir e aplicar a estratexia de desenvolvemento, segundo os parámetros definidos por AGADER na orde de convocatoria. A selección dun proxecto vincúlase coa aprobación das axudas aos custos de funcionamento dos GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial, ata un límite do 20 % do gasto público da estratexia de desenvolvemento local aprobada.


AGADER realizará controis administrativos sobre o 100 % das propostas. Os controis aplicaranse sobre tódolos elementos de admisibilidade que sexa posible controlar por vía administrativa. En todo caso existirá unha lista exhaustiva das verificacións a efectuar, tanto de carácter técnico como puramente administrativo, que acompañará a cada expediente. A lista será asinada polo persoal que participe no control e servirá de evidencia da súa realización.

Os controis administrativos inclúen:

- Control dos requisitos do grupo de desenvolvemento rural establecidos na orde. A xustificación do cumprimento poderá ser documental ou mediante cruces contra distintas bases de datos, propias ou alleas, respectando en todo caso a normativa legal en materia de protección de datos persoais.
- Control da conformidade da operación cos preceptos da orde e coas disposicións nacionais e comunitarias pertinentes. Avaliación do proxecto e moderación dos custes propostos mediante os sistemas apropiados.
- Control da fiabilidade do GDR con referencia a operacións anteriores do programa LEADER cofinanciadas a partir de 2000.

Trala aprobación das propostas, tramítanse pagos mensuais contra certificacións de gasto formalizadas por AGADER e solicitadas polos GDR. Estas solicitudes sométense a control administrativo no 100 % dos casos. Os controis inclúen:

- Verificación da autenticidade dos gastos declarados, a xustificar mediante factura ou documento substitutivo, segundo as disposicións do regulamento



polo que se regulan as obrigas de facturación ([RD 1496/2003](#) do 28 de novembro modificado polo RD 87/2005 do 31 de xaneiro), xunto coa proba do pago efectivo dos importes xustificados.

- As operacións de investimento incluírán unha visita in situ para comprobar o remate da operación obxecto da solicitude de pago.


As condicións de autorización e funcionamento dos grupos de desenvolvemento rural son obxecto de verificación in situ, de acordo cun plan que prevé a inspección anual dun 20 % dos grupos autorizados, de tal xeito que todos sexan inspeccionados no período de vixencia do PDR.

Os controis serán realizados por persoal distinto do que participou nos controis administrativos e se rexistrarán en actas de control ad hoc, cos seguintes contidos mínimos:

1. Conformidade física e das actividades do grupo coas condicións de aprobación.
2. Conformidade normativa en materia de licenzas, autorizacións, condicións estatutarias, etc..
3. Mantemento polo grupo dunha contabilidade específica FEADER ou dun código contable axeitado onde se rexistren as transaccións relativas á operación.
4. Para unha porcentaxe mínima do 50 % dos gastos imputados ao funcionamento do grupo nos seis meses previos á data de control, de tal xeito que no conxunto dos controis realizados no ano, sumen como mínimo o 5 % do gasto imputado á medida 431, verificar:
 - a. Están incluídos na contabilidade.
 - b. Están amparados en facturas ou documentos de pago válidos.
 - c. As datas das facturas correspóndense con subministros ou servizos vinculados ás actividades do grupo e efectuados dentro dos prazos aprobados para a súa execución.
 - d. Os importes imputados respectan as condicións de elixibilidade previstas na normativa de aplicación e coinciden cos comunicados ás unidades xestoras na solicitude de pago.
6. Sobre as facturas revisadas, seleccionar unha mostra aleatoria e solicitar a conformidade dos provedores implicados por calquera medio que permita constancia.

Control das medidas LEADER

As axudas LEADER en Galicia sométense á sistemática de control definida para as medidas non SIXC. Sendo AGADER responsable da execución dos controis, as actividades encomendadas aos grupos serán obxecto de formalización por escrito que determine con claridade as condicións da delegación, respectando os principios básicos de control definidos no epígrafe 412.



5 CONTROIS DE CALIDADE

As unidades xestoras de medidas FEADER colaborarán co FOGGA no desenvolvemento dos controis de calidade que, na súa condición de organismo pagador, estime programar. A colaboración implica apoio informativo, pero non a participación activa nos controis.